

«Se o xurado di que está satisfeito, eu moito máis», di a autora, que vén de publicar «A Venus de cristal»

# A obra de Chelo Suárez «Os milagres de Cristamar» gaña o Narrativas Quentes

R. G.

A CORUÑA | O sonho dun mariñeiro abre a novela *Os milagres de Cristamar* pola que a coruñesa Chelo Suárez Muiños vén de recibir o premio de literatura erótica Narrativas Quentes. O galardón, convocado por Edicións Positivas, quedou deserto o ano pasado pola escasa calidade dos textos presentados, pero nesta cuarta edición o xurado salientou da obra gañadora que se trata, en palabras do director da editorial, «dunha escrita que te enreda e te secuestra, cunha lingua moi elaborada sen que o pareza».

A escritora confesaba onte que cando a chamaron para comunicarlle que era a gañadora «dixéronme que o xurado estaba moi contento, moi sorprendido con esta obra e non tiveron ningunha dúbida na elección; se o xurado está satisfeito, eu moito máis, porque é moi difícil publicar os libros e eu teño uns cuantos escritos e por aí». Explicou asimismo que esta é unha obra «que lle teño moito cariño porque está moi traballada e a xente que a tiña lido dicíame que era unha mágoa que non se publicase».

En canto á trama, apunta que na obra «hai prostitutas, monxas, hermafroditas e castratos» e considera que é unha novela «bastante irreverente». A obra está ambientada no século XVII, «cando ten lugar o terremoto de Lisboa, porque falo del, xa que hai unha profecía sobre Cristamar que sabe unha monxa... E xa non podo contar moito máis», bromea.

De todos os xeitos apunta



Chelo Suárez foi finalista o ano pasado do Premio Xerais de novela

que así como na literatura de autores como Emilia Pardo Bazán Marineda é A Coruña, «eu tamén quixen facer unha homenaxe a esta cidade, chamada tamén de cristal e por iso o nome de Cristamar, cristal e mar».

## Finalista do Xerais

En *Os milagres de Cristamar*, que publicará Edicións Positivas arredor do 17 de maio, hai un triángulo de cidades máxicas: Lisboa, Cristamar e Venecia, «que tiña que estar aí, como está en *A Venus de cristal* (Xerais)», novela que vén de publicar e coa que foi finalista o ano pasado do premio convocado por dita editorial. «Non coñezo ningunha cidade máis literaria que Venecia», asegura a escritora, falando con paixón do protagonista de *A Venus...*, Pietro Puliani, un misterioso vidreiro veneciano que dedica a súa vida á busca da beleza protagonista dunha novela que está sendo moi ben recibida por lectores e crítica.